

GRAZIA DELEDDA

Elias Portolu

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

I

Aveciñábanse días felices para a familia Portolu de Nuoro. Contra finais de abril tornaríase o seu fillo Elías, que expiara unha condena nunha prisión do continente; e a seguir casaría Pietro, o maior dos tres fillos dos Portolu.

Preparábase unha especie de festa: había pouco que revocaran a casa e o viño e mais o pan¹ estaban dispostos; ao parecer, Elías retomaría os seus estudos, e os seus parentes, acabada a súa desgraza, esperaban por el con grande orgullo.

Por fin chegou o tan agardado día, especialmente pola tía² Annedda, a súa nai, unha mulleriña calma, de pel alba e algo xorda que amaba a Elías máis que aos seus outros dous fillos: Pietro, que era labrego, e Mattia, o pequeno, pegureiro coma o tío Berte, o pai. Todos regresaron do campo para a ocasión.

Os dous máis novos imitábanse moito: eran baixos, repoludos, barbinegros, co rostro curtido polo sol e con longos cabelos negros. O tío Berte Portolu, o can vello, como adoitaban chamarlle, tamén era cotrolo e tiña unha cabeleira negra e enredada que lle caía até tapar os seus doentes ollos encarnados e que se confundía sobre as orellas coa súa mesta barba negra, non menos enredada. Vestía

¹N. da A. En moitas vilas sardas úsase un pan especial chamado *carta di musica* que dura varias semanas sen botarse a perder.

²N. da A. En Sardeña, dáselle o tratamento de *tío* a todas as persoas dunha certa idade.

un traxe bastante lixado e unha longa pelica negra de pel de carneiro, sen mangas e forrada con la pola parte interior, e entre todo aquel pelame negro só se intuían dúas enormes mans dun moreno bronceado, e na face, un groso nariz do mesmo ton.

Porén, para o solemne acontecemento, o tío Portolu lavou as mans e a cara, pediulle un pouco aceite de oliva á tía Annedda e unxiu ben os cabelos; logo desenguedellounos cun peite de madeira, proferindo exclamacións pola dor que esta angueira lle producía.

—Que vos peitee o demo! —diciálles aos seus cabelos, torcendo a cabeza—. Nin sequera a la das ovellas está tan enleada!

Cando logrou desfacer os nós, o tío Portolu comezou a facer unha trinca sobre a tempa dereita, outra sobre a esquerda e mais unha terceira baixo a orella dereita e unha cuarta baixo a orella esquerda. Despois unxiu e peiteou a barba.

—Agora faga vostede outras dúas máis! —dixo Pietro, rindo.

—Non semello un mozo que vai casar? —berrou o tío Portolu. E el tamén se botou a rir. Tiña unha risa peculiar, como forzada, que non lle movía nin un pelo da barba.

A tía Annedda rosmou algo polo baixo, porque non lle gustaba que os fillos lle faltasen ao respecto ao pai, pero este fitouna cun aceno de reproche e díxolle:

—Que andas a dicir ti? Deixa rir os rapaces; están no tempo de se divertir, que nós xa nos divertimos.

Entre tanto, foi a hora de ir buscar a Elias. Chegaron algúns parentes e un irmán da prometida de Pietro, e todos xuntos colleron camiño da estación. A tía Annedda quedou soa na casa, co gato e as galiñas.

A casiña, cun patio interior, daba a un reborondo carreiro que baixaba cara ao camiño principal. Detrás do

